



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE MARZO DE 2016

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Concelleiros ausentes:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e tres de marzo de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10 DE MARZO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dez de marzo de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A CERVEXARÍA BAIXO A DENOMINACIÓN COMERCIAL DE "ZIPI Y ZAPE", SITO NA AVENIDA CAMILO JOSÉ CELA Nº 29, BAIXO, FORMULADA POR DONA LORENA NOYA CASAL. EXPEDIENTE 11/2016/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 26 de febreiro de 2016 ten entrada no concello, con número de rexistro 1715, solicitude de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de

Padrón en data 30 de setembro de 2002 para a actividade de cerevexaría, baixo a denominación comercial "Zipi y Zape", que na actualidade figura baixo a titularidade de VILLALAR GALAICA S.C., ubicado na Avenida Camilo José Cela nº 29, baixo, formulada por D^a Lorena Noya Casal. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio de titularidade, alta no censo do imposto sobre actividades económicas da Axencia Tributaria e copia da cartulina de licenza orixinal do local.

Segundo. En data 21 de marzo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Terceiro. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 4 de marzo de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CERVEXARÍA (CAFÉ BAR) sito na Avenida Camilo José Cela nº 29, baixo, con denominación comercial "ZIPI Y ZAPE" outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de setembro de 2002, pasando á titularidade de D^a Lorena Noya Casal, expediente 11/2016/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CERVEXARÍA (CAFÉ BAR) sito na Avenida Camilo José Cela nº 29, baixo, con denominación comercial "ZIPI Y ZAPE" outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de setembro de 2002, pasando á titularidade de D^a Lorena Noya Casal, expediente 11/2016/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumplímétese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CON USO DE OFICINA BANCARIA SITA NA AVENIDA DE COMPOSTELA Nº 10, BAIXO, FORMULADA POR DONA MARÍA DEL CARMEN TORT MUÑO EN REPRESENTACIÓN DE BANCO SABADELLO S.A. EXPTE. 93/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 9 de xunio de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4871, formulario de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de local con uso de oficina bancaria sito na avenida de Compostela nº 10, baixo, con referencia catastral 8020305NH2372S0001WO, formulada por D^a María del Carmen Tort Nuño en representación de BANCO SABADELL S.A. Adxúntase á solicitude proxecto de "reforma de local con uso oficina bancaria del Banco Sabadell ctra general 10, Padrón, A Coruña" redactado e asinado polo arquitecto D. José M^a Fernández Arbaiza e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 29 de maio de 2015.

Segundo. En data 11 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa as obras solicitadas en senso favorable referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria..

Terceiro. En data 14 de xaneiro de 2016 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico e dun exemplar do proxecto, aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En mesma data remítese requirimento ao interesado doutra copia do proxecto técnico así coma oficios de dirección de obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

Quinto. En data 14 de marzo de 2016 ten entrada no Concello resolución de data 7 de marzo de 2016 do xefe de servizo de coordinación da área cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza as obras solicitadas.

Sexto. En data 18 de marzo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigos 195.3 e concordantes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Segundo. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial en núcleo antigo (URNA), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles, entre o que se atopa o uso comercial que xa desenrola a mercantil solicitante. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Terceiro. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

O planeamento especial referido non chegou a ser desenrolado ata a data, polo que estas consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.

Toda vez que no presente caso se conta coa resolución de data 7 de marzo de 2016 do xefe de servizo de coordinación da área cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza as obras solicitadas, non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.

Cuarto. Non son necesarias máis autorizacións sectoriais para a licenza solicitada.

Quinto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a BANCO SABADELL, S.A. licenza municipal de obras para acondicionamento de local con uso de oficina bancaria sito na avenida de Compostela nº 10, baixo, con referencia catastral 8020305NH2372S0001WO, expediente 93/2015, conforme o proxecto de "reforma de local con uso oficina bancaria del Banco Sabadell ctra general 10, Padrón, A Coruña" redactado e asinado polo arquitecto D. José M^a Fernández Arbaiza e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 29 de maio de 2015.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras. **Non poderá comezar a exercer a actividade mentres non comunique a finalización das obras.**
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial en núcleo antigo (URNA) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma de local destinado a oficina bancaria.
- c) Altura: a existente.
- d) Volumes: Os existentes.
- e) Contía na que se orzan as obras: 29.520,00 euros. (sen IVE)
- f) Situación e emprazamento das obras: Avenida de Compostela nº 10, baixo
- g) Nome ou razón social do promotor: BANCO SABADELL, S.A.
- h) Técnico autor do proxecto: D. José María Fernández Arbaiza.
- i) Técnico director das obras: D. José María Fernández Arbaiza
- j) Coordinador de seguridade e saúde: D. Damián Fernández Muíño
- k) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario

da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a BANCO SABADELL, S.A. licenza municipal de obras para acondicionamento de local con uso de oficina bancaria sito na avenida de Compostela nº 10, baixo, con referencia catastral 8020305NH2372S0001WO, expediente 93/2015, conforme o proxecto de “reforma de local con uso oficina bancaria del Banco Sabadell ctra general 10, Padrón, A Coruña” redactado e asinado polo arquitecto D. José M^a Fernández Arbaiza e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 29 de maio de 2015.

- c) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras. **Non poderá comezar a exercer a actividade mentres non comuniquen a finalización das obras.**
- d) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial en núcleo antigo (URNA) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: reforma de local destinado a oficina bancaria.
- c) Altura: a existente.
- d) Volumes: Os existentes.
- e) Contía na que se orzan as obras: 29.520,00 euros. (sen IVE)
- f) Situación e emprazamento das obras: Avenida de Compostela nº 10, baixo
- g) Nome ou razón social do promotor: BANCO SABADELL, S.A.
- h) Técnico autor do proxecto: D. José María Fernández Arbaiza.
- i) Técnico director das obras: D. José María Fernández Arbaiza
- j) Coordinador de seguridade e saúde: D. Damián Fernández Muíño
- k) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA SITA NA RÚA DO CARMEN Nº 46, FORMULADA POR ALFONSO AVELINO LEMA MANEIRO. EXPEDIENTE 164/2014.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 11 de agosto de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6389, solicitude de licenza municipal de obra maior para a rehabilitación dunha vivenda existente sita na rúa do Carmen nº 46, Padrón, formulada por D. Alfonso Avelino Lema Maneiro. Achéganse coa solicitude dúas copias de proxecto básico redactado e asinado polo arquitecto D. Carlos D. Besada Ferreiro de data xullo de 2014, así coma dúas copias de solicitude de excepción no cumprimento de determinadas condicións de habitabilidade das establecidas nas Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

Segundo. En data 28 de outubro de 2014 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente a solicitude, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico.

Terceiro. En data 29 de outubro de 2014 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En data 4 de febreiro de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 21 de xaneiro de 2015, que autoriza as obras solicitadas con determinadas condicións.

Quinto. En data 23 de marzo de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Sexto. En data 23 de marzo de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa as obras solicitadas.

Sétimo. En data 24 de marzo de 2015 emítese proposta do Alcalde á Xunta de Goberno Local de outorgar a licenza solicitada.

Oitavo. En data 26 de marzo de 2015 a Xunta de Goberno Local adoita acordo de deixar o asunto sobre a mesa aos efectos de que se corrixa o proxecto básico de acordo ao condicionado da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Noveno. En data 9 de abril de 2015 o arquitecto técnico municipal emite novo informe requirindo a emenda das condicións que recolle o acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña de data 21 de xaneiro de 2015.

Décimo. En data 10 de abril de 2015 emítese requirimento conforme o informe técnico municipal.

Décimo primeiro. En data 14 de abril de 2015 achégase polo solicitante proxecto de control arqueolóxico para a súa tramitación perante o Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo segundo. En data 16 de abril de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña xunto con dúas copias do proxecto de control arqueolóxico.

Décimo terceiro. En data 8 de maio de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña que autoriza o control arqueolóxico.

Décimo cuarto. En data 28 de setembro de 2015 achégase polo solicitante dúas copias de proxecto de execución visado con data 22 de setembro de 2015 e nomeamento do director de obra.

Décimo quinto. En data 12 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas requirindo a emenda de certas solucións aportadas co proxecto de execución.

Décimo sexto. En data 13 de xaneiro de 2016 remítese requirimento ao interesado de emenda das deficiencias detectadas.

Décimo sétimo. En data 14 de marzo de 2016 o solicitante achega anexo 01 ao proxecto de execución, visado en data 19 de febreiro de 2016 e nomeamento de director de execución e coordinación de seguridade e saúde.

Décimo oitavo. En data 16 de marzo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo noveno. En data 18 de marzo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 e concordantes da LOUG en canto á necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Segundo. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial, que é o principal previsto pola mesma. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Terceiro. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

O planeamento especial referido non chegou a ser desenrolado ata a data, polo que estas consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.

Toda vez que no presente caso se conta coa resolución favorable do departamento territorial da devandita Consellería, dáse cumprimento á autorización sectorial requerida, polo que a intervención resulta neste senso autorizable.

Por parte do promotor se presentou proxecto de control arqueolóxico que foi autorizado conforme se refire nos antecedentes administrativos. Así mesmo se presentou proxecto de execución que segundo o informe técnico municipal, desenrola a intervención de forma axeitada e da cumprimento ás condicións establecidas na resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 21 de xaneiro de 2015.

Cuarto. O proxecto inclúe coma anexo unha solicitude de excepcionalidade no cumprimento de determinados preceptos referidos nas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, establecidas polo Decreto 29/2010, de 4 de marzo. De acordo co informe técnico municipal, as excepcións solicitadas teñen base na superficie útil por pranta da edificación, inferior a 50 metros cadrados. Polo tanto visto o informe técnico municipal non existe impedimento para autorizar as obras coa referida excepción.

Quinto. Non son necesarias máis autorizacións sectoriais para a licenza solicitada, de acordo co exposto no informe técnico municipal. Non se determina polos servizos técnicos a necesidade de depósito ou aval algún para responder pola execución de obras de urbanización.

Sexto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Alfonso Avelino Lema Maneiro licenza municipal de obras para rehabilitación integral de vivenda sita na rúa do Carmen nº 46 na parcela con referencia catastral 7720146NH2371N0001WU, expediente 164/2014, conforme o "Proyecto de ejecución rehabilitación de vivienda" redactado e asinado polo arquitecto D. Carlos D. Besada Ferreiro visado con data 22 de setembro de 2015 e o Anexo 01 ao mesmo visado en data 19 de febreiro de 2016.

- a) Previo ao inicio das obras procederase á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.
- b) Non poderá utilizar a construción en tanto non esté rematada e se obteña a preceptiva licenza de primeira ocupación.

- c) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: rehabilitación de vivenda unifamiliar.

c) Altura: 4,45 metros a cornixa; 1,58 metros de altura a cornixa de fachada.

d) Volumes: B+1

e) Ocupación de parcela permitida: 70% parcela neta.

f) Ocupación segundo proxecto: 56,46% parcela neta.

g) Pendente máxima de cuberta: 20º Pendente máxima segundo proxecto: 14º

h) Contía na que se orzan as obras: 38.213,29 euros. (sen IVE)

i) Situación e emprazamento das obras: rúa do Carmen 46

j) Nome ou razón social do promotor: D. Alfonso Avelino Lema Maneiro

k) Técnico autor do proxecto: D. Carlos D. Besada Ferreiro

l) Técnico director das obras: D. Carlos D. Besada Ferreiro.

m) Técnico director da execución material das obras: D. José Carlos Cancela Méndez.

n) Coordinador de seguridade e saúde: D. José Carlos Cancela Méndez.

o) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres anos meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Alfonso Avelino Lema Maneiro licenza municipal de obras para rehabilitación integral de vivenda sita na rúa do Carmen nº 46 na parcela con referencia catastral 7720146NH2371N0001WU, expediente 164/2014, conforme o "Proyecto de ejecución rehabilitación de vivienda" redactado e asinado polo arquitecto D. Carlos D. Besada Ferreiro visado con data 22 de setembro de 2015 e o Anexo 01 ao mesmo visado en data 19 de febreiro de 2016.

- a) Previo ao inicio das obras procederáse á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.
- b) Non poderá utilizar a construción en tanto non esté rematada e se obteña a preceptiva licenza de primeira ocupación.
- c) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iría Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: rehabilitación de vivenda unifamiliar.

c) Altura: 4,45 metros a cornixa; 1,58 metros de altura a cornixa de fachada.

d) Volumes: B+1

e) Ocupación de parcela permitida: 70% parcela neta.

f) Ocupación segundo proxecto: 56,46% parcela neta.

g) Pendente máxima de cuberta: 20º Pendente máxima segundo proxecto: 14º

h) Contía na que se orzan as obras: 38.213,29 euros. (sen IVE)

i) Situación e emprazamento das obras: rúa do Carmen 46

j) Nome ou razón social do promotor: D. Alfonso Avelino Lema Maneiro

k) Técnico autor do proxecto: D. Carlos D. Besada Ferreiro

l) Técnico director das obras: D. Carlos D. Besada Ferreiro.

m) Técnico director da execución material das obras: D. José Carlos Cancela Méndez.

n) Coordinador de seguridade e saúde: D. José Carlos Cancela Méndez.

o) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres anos meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES NA RÚA PASAXE DO SAR Nº 2, BAIXO, FORMULADA POR DON SANTIAGO GIL IGLESIAS EN REPRESENTACIÓN DE C.D. IGLEMEN S.L. EXPTE. 128/2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 17 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6392, formulario de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de local para centro de día para persoas maiores na rúa Pasaxe do Sar nº 2, Baixo, con referencia catastral 7719401NH2372S0007OG, formulada por D. Santiago Gil Iglesias en representación de C.D. IGLEMEN S.L. Adxúntase á solicitude memoria para o centro de día, copia da escritura de constitución da sociedade limitada e proxecto de "Acondicionamiento de local para centro de día para personas mayores" redactado e asinado polo arquitecto Carlos Guerrero González.

Segundo. En data 18 de setembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas en senso desfavorable requirindo unha serie de emendas á documentación presentada.

Terceiro. En data 21 de setembro de 2015 emítese requirimento ao interesado da documentación e emendas referidas no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 8 de outubro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8705, documentación adicional para a tramitación da solicitude, incluíndo dous exemplares do proxecto visado



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

coas modificacións requiridas polo técnico municipal.

Quinto. En data 15 de outubro de 2015 o arquitecto técnico D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas en senso favorable, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto. En data 19 de outubro de 2015 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico e dun exemplar do proxecto, aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Sétimo. En data 7 de decembro de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 2 de decembro de 2015 do xefe de servizo de coordinación da área cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que informa favorablemente as obras interiores e desfavorablemente as obras exteriores requirindo nova proposta coas correccións oportunas.

Oitavo. En data 14 de decembro de 2015 remítese requirimento ao interesado da nova proposta requirida pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Noveno. En data 11 de xaneiro de 2016 o solicitante achega a documentación requirida.

Décimo. En data 13 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as emendas en senso favorable.

Décimo primeiro. En data 14 de xaneiro de 2016 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico e da nova proposta.

Décimo segundo. En data 14 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, resolución de data 7 de marzo de 2016 da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza as obras de acondicionamento solicitadas.

Décimo terceiro. En data 17 de marzo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo cuarto. En data 18 de marzo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigos 195.3 e concordantes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Segundo. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles, entre o que se atopa o uso social, cultural e de reunión en tódalas categorías, así coma o sanitario asistencial tamén en tódalas categorías. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles, entre o que se atopa o uso social, cultural e de reunión en tódalas categorías, así coma o sanitario asistencial tamén en tódalas categorías. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Cuarto. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

O planeamento especial referido non chegou a ser desenrolado ata a data, polo que estas consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.

Tramitouse perante a xefatura territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a correspondente autorización sectorial, que requiriu da presentación de modificacións ao proxecto inicial no referente á intervención exterior.

Toda vez que no presente caso se conta coa resolución de data 7 de marzo de 2016 da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza as obras de acondicionamento solicitadas, non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.

Quinto. Non son necesarias máis autorizacións sectoriais para a licenza solicitada.

Sexto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a C.D. IGLEMEN S.L. licenza municipal de obras para acondicionamento de local para centro de día para persoas maiores na rúa Pasaxe do Sar nº 2, Baixo, con referencia catastral 7719401NH2372S0007OG, expediente 128/2015, conforme o proxecto de "Acondicionamiento de local para centro de día para personas mayores" redactado e asinado polo arquitecto Carlos Guerrero González visado polo COAG en data 5 de outubro de 2015 e as modificacións en planos de alzados, seccións e plantas presentados en data 11 de xaneiro de 2016.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras. **Non poderá comezar a exercer a actividade mentres non comuniquen a finalización das obras.**



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

c) Unha vez rematadas as obras, deberáse achegar comunicación previa de inicio de actividade á que deberá adxuntarse a documentación non achegada coa solicitude de licenza, en concreto:

– Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de tódolos requisitos técnicos e administrativos (esta memoria deberá achegarse asinada)

– Xustificante de pago dos tributos municipais. Referido aos imposto sobre construcións, instalacións e obras, e á tasa por expedición de licenzas urbanísticas, conforme liquidación tributaria que se xirará pola recadación municipal.

– Declaración de que se cumpre con tódolos requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con tódolos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. De acordo coa lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, este tipo de actividade se atopa sometida á obriga de contar con autorización administrativa da Consellería de Política Social, e de se atopar inscrita no correspondente rexistro de servizos sociais de Galicia. Deberáse achegar a citada autorización e inscrición ou xustificación en contrario.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local para centro de día para persoas maiores .

c) Altura: a existente.

d) Volumes: Os existentes.

e) Contía na que se orzan as obras: 57,800,00 euros. (sen IVE)

f) Situación e emprazamento das obras: Pasaxe do Sar nº 2

g) Nome ou razón social do promotor: C.D. IGLEMEN S.L.

h) Técnico autor do proxecto: D. Carlos Guerrero González.

i) Técnico director das obras: Non procede.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das

licenzas estarásese ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a C.D. IGLEMEN S.L. licenza municipal de obras para acondicionamento de local para centro de día para persoas maiores na rúa Pasaxe do Sar nº 2, Baixo, con referencia catastral 7719401NH2372S0007OG, expediente 128/2015, conforme o proxecto de "Acondicionamiento de local para centro de día para personas mayores" redactado e asinado polo arquitecto Carlos Guerrero González visado polo COAG en data 5 de outubro de 2015 e as modificacións en planos de alzados, seccións e plantas presentados en data 11 de xaneiro de 2016.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras. **Non poderá comezar a exercer a actividade mentres non comunique a finalización das obras.**
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) Unha vez rematadas as obras, deberásese achegar comunicación previa de inicio de actividade á que deberá adxuntarse a documentación non achegada coa solicitude de licenza, en concreto:
 - Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de tódolos requisitos técnicos e administrativos (esta memoria deberá achegarse asinada)
 - Xustificante de pago dos tributos municipais. Referido aos imposto sobre construcións, instalacións e obras, e á tasa por expedición de licenzas urbanísticas, conforme liquidación tributaria que se xirará pola recadación municipal.
 - Declaración de que se cumpre con tódolos requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con tódolos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. De acordo coa lei 13/2008, de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, este tipo de actividade se atopa sometida á obriga de contar con autorización administrativa da Consellería de Política Social, e de se atopar inscrita no correspondente rexistro de servizos sociais de Galicia. Deberáse achegar a citada autorización e inscrición ou xustificación en contrario.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento de local para centro de día para persoas maiores .

c) Altura: a existente.

d) Volumes: Os existentes.

e) Contía na que se orzan as obras: 57.800,00 euros. (sen IVE)

f) Situación e emprazamento das obras: Pasaxe do Sar nº 2

g) Nome ou razón social do promotor: C.D. IGLEMEN S.L.

h) Técnico autor do proxecto: D. Carlos Guerrero González.

i) Técnico director das obras: Non procede.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida

interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS 2012", EXPTE. 01/2016-OB-PNSP, INCLUÍDO NO PROGRAMA PROVINCIAL DE MODERNIZACIÓN DE MERCADOS LOCAIS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución do Alcalde número 96/2016, do 15 de febreiro, aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Reforma da Praza de Abastos 2012", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, expte. número 01/2016-OB-PNSP, obra incluída no Programa de modernización de mercados locais da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdeg Galicia.es) resultando insertado o 16 de febreiro de 2016.

Terceiro. Durante o prazo de oito (8) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 24 de febreiro de 2016, presentáronse un total de 11.

Cuarto. O 26 de febreiro de 2016 procédese á apertura dos Sobre A e dos Sobres B e seguidamente solicítase informe ao arquitecto técnico don Jesús Baliña de Jesús sobre a valoración das referencias técnicas, o cal resulta emitido o 1 de marzo.


Quinto. O 2 de marzo de 2016 procédese á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas e ábrese unha rolda de negociación coas persoas licitadores. Para elo o 3 de marzo remíteselles información sobre a posición de cada unha na escala de valoracións e as puntuacións parciais e totais obtidas por todas (ocultando a identidade das mesmas) e invitándoas a presentar unha segunda oferta, nun prazo non superior a 48 horas, en relación exclusivamente aos aspectos que poden ser mellorados, é dicir: porcentaxe de control de calidade (tanto interno como externo) e oferta económica.

Sexto. O 4 de marzo de 2016 detéctase que se cometeu un erro na valoración de dúas licitadoras, concretamente entre Construcciones Iglesias Mera, SL, e Gonzalo Revenga Ortega, consistente en intercambiar a puntuación obtida por cada unha nas Referencias técnicas. Este erro non só afecta ás súas respectivas puntuacións senón á orde de varias licitadoras dentro da escala de valoracións, polo que, ese mesmo día remítense novas invitacións para mellorar as ofertas coas puntuacións e escalas correctas e coa indicación de que o prazo de 48 horas conta a partir desta segunda invitación.

Sétimo. Rematado o prazo anterior presentáronse un total de 4 ofertas melloradas e o 8 de marzo de 2016, o órgano encargado da negociación, procede á valoración destas e á formulación dunha nova escala de valoracións ordenada de xeito decrecente. Non entanto, detéctase que as ofertas económicas presentadas polas número 1 e 2: COPCISA, SA, e CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL, conteñen valores desproporcionados ou anormais, polo que se require a ambas para que, no prazo máximo de 5 días hábiles, o xustifiquen de acordo ao previsto na cláusula 15.5 do prego de administrativas.

Oitavo. Ambas licitadoras presentan en prazo a xustificación e o 15 de marzo emítese o informe técnico ao respecto no que se conclúe que se "*adecúan as condicións determinadas na cláusula 15.5.3 do prego*" e ese mesmo día, o órgano encargado da negociación formula a proposta de adxudicación do contrato a favor de COPCISA, SA.

Noveno. O 15 de marzo requírese a COPCISA para que presente a documentación relacionada na cláusula 16.2 do prego de administrativas e 151.2 do TRLCSP. Esta resulta presentada o 18 de marzo e compróbase



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

que correctamente.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Vistos os criterios recollidos no Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e a proposta formulada o 8 e 15 de marzo de 2016 de valoración das ofertas presentadas e de adxudicación a favor da que obtivo unha maior puntuación..

Segundo. Considerando que o artigo 151.3 da Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) recolle que "o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación", referíndose con elo aos certificados de estar ao corrente das débedas tributarias e das obrigas coa seguridade social e á garantía definitiva.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar admitidas a todas as persoas licitadoras que participaron no procedemento de contratación 01/2016-OB-PNSP, a saber:

1. EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.
2. ROOMELSERVICE, SL.
3. MARCONSA.
4. CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL.
5. EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.
6. CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ, SL.
7. CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ, SL.
8. COPCISA, SA.
9. CONSTRUCCIONES VILLA Y SAMBADE, SL.
10. CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.
11. GONZALO REVENGA ORTEGA.

Segundo. Outorgar as seguintes puntuacións totais e parciais ás persoas licitadoras admitidas no procedemento, tendo en conta as segundas ofertas presentadas por catro delas e segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e Anexo V do prego de administrativas que rexen esta contratación, e ordenalas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

1º COPCISA, SA				
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	1ª OFERTA		2ª OFERTA	
	OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).	-----	10,00	-----	10,00

B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	15,00	-----	15,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).		-----	18,00	-----	18,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).		-----	8,00	-----	8,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	0,5%	0,44	38,97%	8,00
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00	1%+4%	12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 37.171,60 € (IVE incluído).		36.699,52 €	0,53	26.477,33 € ^(*)	9,34
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0,60% // 0,60%		0,60% // 0,60%	
TOTAL 1ª OFERTA			63,97	TOTAL 2ª OFERTA	80,34

^(*)Advírtese que esta oferta económica é considerada desproporcionada ou anormal polo que, de resultar proposta como adxudicataria, deberá seguirse o procedemento recollido na cláusula 15.5 do prego de administrativas particulares.

2º CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL					
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).		-----	10,00	-----	10,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	15,00	-----	15,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).		-----	18,00	-----	18,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).		-----	8,00	-----	8,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	3,50%	3,11	-----	0,72
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00	-----	12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 37.171,60 € (IVE incluído).		25.588,93 € ^(*)	10,00	-----	10,00
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%		-----	
TOTAL 1ª OFERTA			76,11	TOTAL 2ª OFERTA	73,72

^(*)Advírtese que esta oferta económica é considerada desproporcionada ou anormal polo que, de resultar proposta como adxudicataria, deberá seguirse o procedemento recollido na cláusula 15.5 do prego de administrativas particulares.

3º CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL					
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		1ª OFERTA		2ª OFERTA	
		OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).		-----	10,00	-----	10,00
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	15,00	-----	15,00



Padrón

Concello de Padrón
 CIF P1506600D
 Rúa Longa, 27
 15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
 Tfl: 981 81 04 51
 Fax: 981 81 15 50

C) Plan de control de calidade (max. 20 p).		-----	18,00	-----	18,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).		-----	8,00	-----	8,00
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	9%	8,00	12,55%	2,58
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+3%	9,00	1%+4%	12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 37.171,60 € (IVE incluído).		33.477,53 €	4,15	28.937,21 €	7,51
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%		0% // 0%	
TOTAL 1ª OFERTA			72,15	TOTAL 2ª OFERTA	73,09

4º CONSTRUCCIONES VILLA Y SAMBADE, SL

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	1ª OFERTA		2ª OFERTA		
	OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS	
A) Programa de traballo (max. 20 p).	-----	10,00	-----	10,00	
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).	-----	15,00	-----	15,00	
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	-----	18,00	-----	18,00	
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).	-----	6,00	-----	6,00	
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	4%	3,55	18,00%	3,70
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+4%	12,00	1%+4%	12,00
G) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 37.171,60 € (IVE incluído).		30.237,90 €	6,80	28.432,58 €	7,89
Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2% // Maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.		0% // 0%		0% // 0%	
TOTAL 1ª OFERTA			71,35	TOTAL 2ª OFERTA	72,59

5º EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	1ª OFERTA		2ª OFERTA		
	OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS	
A) Programa de traballo (max. 20 p).	-----	10,00	-----	10,00	
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).	-----	15,00	-----	15,00	
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	-----	18,00	-----	18,00	
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).	-----	8,00	-----	8,00	
E) Porcentaxe de control de calidade (max. 20 p).	a) Porcentaxe de control interno de calidade (ata 8 p).	4%	3,55	7,50%	1,54
	b) Porcentaxe de control externo de calidade (ata 12 p).	1%+0,5%	1,50	1%+4%	12,00

